

# Criterios de Avaliación / Corrección

## CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

De acordo co programa vixente, o labor de tradución e de coñecemento práctico da lingua grega considárase básico e non substituíble por ningúna outro labor de estudos literarios, lingüísticos, histórico-culturais etc. En consecuencia, dos DEZ (10) puntos posibles reservaranse **SETE (7)** para a cualificación da tradución; as respostas ao temario contribuirán á cualificación final cun máximo de **DOUS (2)** puntos; a pregunta sobre a lectura de obras literarias cualificarase como máximo con **UN (1)** punto.

Na **TRADUCIÓN** consideraranse faltas os erros cometidos tanto na interpretación gramatical (morfoloxía e sintaxe) coma na léxica (erro na consulta do dicionario). Valorarase positivamente a corrección e soltura sintáctica da tradución.

Nas **PREGUNTAS** valorarase tanto o contido –cantidade e calidade de coñecementos- coma o xeito en que son expostos -corrección e soltura léxica, sintáctica, ortográfica etc.

Lémbrese tamén que en ningún caso será válido que o alumnado traduza o texto dunha opción e responda ás preguntas da outra opción.

É evidente que un exame en branco será cualificado con **CERO (0)** puntos.